

**ACTA 2ª DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE APERTURA DE PROPOSIÇÕES DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE SERVIZOS: ESCOLAS DEPORTIVAS 2020/2021.**

Asistentes:

Presidente: José Luis García García, alcalde.

Vogais:

- Javier Nieves González, secretario.
- Ana Sánchez Fontáns, interventora acctal.
- María Dolores Torrado Ares, técnica de secretaría.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

En Brión a 23 de xullo de 2020, sendo as 13,18 horas se procede na Casa do Concello, á apertura das proposicións presentadas optando ao procedemento aberto referenciado.

A Mesa de Contratación, en sesión do 20 de xullo de 2020, acordou solicitar informe técnico do técnico municipal de deportes, de valoración da documentación incluída no arquivo electrónico do sobre B: Criterios non avaliables en cifras ou porcentaxes (dependentes dun xuízo de valor).

Visto o informe asinado con data 23.07.2020, a Mesa de Contratación de conformidade co mesmo, por unanimidade outorga as seguintes puntuacións:

**1. A BILLARDA S.L.**

1. PLANIFICACIÓN	Ata 20,00 puntos
- Metodoloxía de ensinanza.	4
- Descrición dos medios técnicos empregados.	3
- Obxectivos específicos para cada disciplina/ actividade.	5
2. CONTROL E SEGUIMENTO	Ata 20,00 puntos.
- Protocolo de resposta a eventualidades tales como a suspensión de clases, ausencia de profesorado, substitucións puntuais, etc.	14
3. AVALIACIÓN FINAL	Ata 10,00 puntos.
- Protocolo de introdución de melloras para o próximo ano.	5

Total puntuación: 31puntos.

**2. ACOFIDE 2000 XESTIÓN S.L**

1. PLANIFICACIÓN	Ata 20,00 puntos
- Metodoloxía de ensinanza.	5

- Descrición dos medios técnicos empregados.	4
- Obxectivos específicos para cada disciplina/ actividade.	6
<b>2. CONTROL E SEGUIMIENTO</b>	Ata 20,00 puntos.
- Protocolo de resposta a eventualidades tales como a suspensión de clases, ausencia de profesorado, substitucións puntuais, etc.	10
<b>3. AVALIACIÓN FINAL</b>	Ata 10,00 puntos.
- Protocolo de introdución de melloras para o próximo ano.	7

Total puntuación: 32 puntos.

### 3. BARBATANA S.L

<b>1. PLANIFICACIÓN</b>	Ata 20,00 puntos
- Metodoloxía de ensinanza.	6
- Descrición dos medios técnicos empregados.	5
- Obxectivos específicos para cada disciplina/ actividade.	6
<b>2. CONTROL E SEGUIMIENTO</b>	Ata 20,00 puntos.
- Protocolo de resposta a eventualidades tales como a suspensión de clases, ausencia de profesorado, substitucións puntuais, etc.	20
<b>3. AVALIACIÓN FINAL</b>	Ata 10,00 puntos.
- Protocolo de introdución de melloras para o próximo ano.	5

Total puntuación: 42 puntos.

### 4. SERVIPLUSTOTAL S.L

<b>1. PLANIFICACIÓN</b>	Ata 20,00 puntos
- Metodoloxía de ensinanza.	4
- Descrición dos medios técnicos empregados.	3
- Obxectivos específicos para cada disciplina/ actividade.	6
<b>2. CONTROL E SEGUIMIENTO</b>	Ata 20,00 puntos.

- Protocolo de resposta a eventualidades tales como a suspensión de clases, ausencia de profesorado, substitucións puntuais, etc.	15
3. AVALIACIÓN FINAL	Ata 10,00 puntos.
- Protocolo de introdución de melloras para o próximo ano.	5

Total puntuación: 33 puntos.

Procédese a continuación á apertura dos arquivos electrónicos dos sobres C: Criterios avaliados en cifras ou porcentaxes, dándose o seguinte resultado:

1. A BILLARDA S.L. fai unha oferta económica de: 31.884,86 euros, IVE incluído, que representa unha baixa de: 179,11 euros, respecto do orzamento base de licitación.
2. ACOFIDE 2000 XESTIÓN S.L. fai unha oferta económica de: 31.008,37 euros, IVE incluído, que representa unha baixa de: 1.055,60 euros, respecto do orzamento base de licitación.
3. BARBATANA S.L. fai unha oferta económica de: 31.932,02 euros, IVE incluído, que representa unha baixa de: 131,95 euros, respecto do orzamento base de licitación.
4. SERVIPLUSTOTAL S.L. fai unha oferta económica de: 30.995,16 euros, IVE incluído, que representa unha baixa de: 1.068,81 euros, respecto do orzamento base de licitación.

Realizada a valoración consonte co disposto nos pregos, outorgouse as seguintes puntuacións:

1. A BILLARDA S.L.: 48,60 puntos.
2. ACOFIDE 2000 XESTIÓN S.L.: 49,98 puntos.
3. BARBATANA S.L.: 48,53 puntos.
4. SERVIPLUSTOTAL S.L.: 50,00 puntos.

A puntuación total obtida polas empresas pola suma dos criterios de adxudicación dos arquivos electrónicos B e C é a seguinte:

Empresas	Arquivo B-xuízo de valor	Arquivo C-automático	Total
A BILLARDA S.L.:	31,00	48,60	79,60
ACOFIDE 2000 XESTIÓN S.L.	32,00	49,98	81,98
BARBATANA S.L.	42,00	48,53	90,53
SERVIPLUSTOTAL S.L.	33,00	50,00	83,00

En consecuencia a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

- 1º) Propoñer a adxudicación do contrato á empresa BARBATANA S.L., polo prezo de: 31.932,02 euros, IVE incluído, por considerar que fai a mellor proposición en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos.

**2º)** Requirir á empresa BARBATANA S.L. para que presente dentro do **prazo de dez días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a documentación especificada na **cláusula 27** do prego de cláusulas administrativas particulares, **debendo presentar igualmente na tesourería municipal a garantía definitiva** polo importe do 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE, **polo importe de: 1.319,50 euros**, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Remata o acto sendo as 13,33 horas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.